



## INFORME DA NECESIDADE DO CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE COMEDOR ESCOLAR NO CEIP SAN TOMÉ DE CAMBADOS.

### ÓRGANO PROPOÑENTE DA CONTRATACIÓN

Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

EXPEDIENTE	PO 20/20
CUALIFICACIÓN DO CONTRATO	ABERTO SIMPLIFICADO
CONTRATO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA	NON
FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS	NON

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. Resulta de aplicación a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP) e as disposicións que o desenvolven; con carácter supletorio, as demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

2. Emítase este informe co obxecto de xustificar a necesidade e a idoneidade da contratación de referencia, ao abeiro do disposto nos artigos 28 e 116 da LCSP, e no artigo 33 da lei galega 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

### I - XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO CONTRATO:

O día 29 de setembro do 2020, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Cambados, asinaron un convenio de colaboración para a habilitación dos espazos necesarios para un comedor escolar, no expoñendo 1 dicía:

*“O establecemento do servizo de comedor escolar no CEIP San Tomé (Cambados) para dar resposta ás demandas da comunidade educativa require a habilitación dos espazos necesarios nas condicións que permitan destinalos a comedor escolar do centro.”*

### II - XUSTIFICACIÓN DA ELECCIÓN DO PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN.

Tendo en conta que se trata dun contrato de obras de valor estimado inferior a 2.000.000 €, séguese o procedemento aberto simplificado regulado no artigo 159.6 da LCSP, co fin de procurar a realización das obras na anualidade de 2020.





### III - XUSTIFICACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES.

De acordo co Art. 99 apartado 3. b) da lei 9/2017, do 8 de novembro, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificulta a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico, e pon risco a correcta execución debido a natureza do obxecto do contrato, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións.

### IV - XUSTIFICACIÓN DO PREZO COMO ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN.

Pola súa tipoloxía o contrato non está incluído en ningún dos epígrafes do artigo 145.3. da LCSP. Pola súa escasa duración considérase que non e posible executalo correctamente nun prazo menor. Tamén, pola definición concreta das partidas, e boa calidade que se esixe no proxecto, non se considera conveniente, de acordo co establecido no artigo 146.1, o uso doutro criterio que non sexa o prezo.

### V - CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN DE OFERTAS ANORMALMENTE BAIXAS.

#### **Criterios:**

**1º** Concorrendo un só licitador, a oferta que sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais

**2º** Cando concorran dous licitadores a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.

**3º** Cando concorran tres licitadores: as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, excluírase para o cómputo de dicha media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a dicha media.

En calquera caso considerárase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.

**4º** Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dicha media en máis de 10 unidades porcentuais, procederáse ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularáse sobre as tres ofertas de menor contía.

Cando a mesa de contratación, ou na súa falta o órgano de contratación houber identificado unha ou varias ofertas incursas en presunción de anormalidade, tras aplicar os parámetros obxectivos, seguiráse o procedemento establecido no artigo 149 da LCSP.





## **VI - CLASIFICACIÓN E SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA, TÉCNICA OU PROFESIONAL.**

Non se esixe clasificación de acordo co establecido no artigo 77.1. a) da Lei de Contratos do Sector Público. Os requisitos de solvencia económica, financeira, técnica ou profesional son os establecidos no apartado 8 do cadro de características.

## **VII – PARTIDAS DE OBRIGADA EXECUCIÓN POLO ADXUDICATARIO E PORCENTAXE MÁXIMO DE SUBCONTRATACIÓN.**

As partidas a executar polo adxudicatario son:  
Non se pode atribuír ningunha en especial ó ser capítulo único.  
A porcentaxe máxima de subcontratación permitida é do 70%.

## **VIII – REQUISITOS ESPECÍFICOS.**

Non se esixen.

Os aspectos non contemplados neste informe complétanse no cadro de características deste procedemento de licitación.

Pontevedra

Propón

A arquitecta do Servizo da Unidade Técnica

María Labrador García

Sinatura electrónica.

Conforme coa proposta,

O xefe territorial

Cesar A. Pérez Ares

Sinatura electrónica.

